

PROBA DE ACCESO A 1º GP– LINGUAXE MUSICAL

(para todas as especialidades)

A proba estará composta polos seguintes apartados:

- 1. Lectura rítmica.** Entre 2 e 4 exercicios dun máximo de 16 compases cada un, nas claves de Sol e de FA en 4ª, que incluírá as dificultades propias do 4º curso de G.E.
- 2. Entoación.** 2 exercicios de 8 compases en Clave de Sol, en tonalidades maiores ou menores ata 4 alteracións. Realízase sen acompañamento pianístico. O alumno/a deberá entoar a escala e o arpejo de tónica de cada exercicio, antes da súa realización apoiado polo piano.
- 3. Ditado.** Consistirá nunha frase de 8 compases, que incluírá as dificultades propias do 4º curso de grao elemental en tonalidades maiores ou menores ata 4 alteracións. O alumno/a terá que situarse tonalmente tomando como referencia o LA 440, e tras escoitar a escala, o arpejo e o esquema harmónico I IV V I da tonalidade.
- 4. Exercicios teórico-prácticos e análise.** (este último, de fragmentos para voz e piano). Inclúiran os aspectos rítmicos, melódicos e harmónicos propios do 4º curso de grao elemental

Criterios de avaliación

1. Ler fragmentos rítmicos nas clave de sol e de fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso fronte ao cambios de compás aplicando a equivalencia establecida, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso. Entoar con correcta afinación as escalas e arpejos de tónica.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, o compás, a tonalidade, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo gráficamente con corrección.
4. Analizar con corrección sobre unha partitura os elementos rítmicos, melódicos, expresivos, harmónicos e formais solicitados.

Criterios de cualificación

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 35%
2. Entoación. 20%
3. Ditado 20%
4. Análise 25%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.